



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

Praza Constitución, 1
Tfnos.: 986 570165/570030
Fax: 986 570233

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 28.09.20, adoptou, entre outros, o acordo de aprobar inicialmente o documento do Plan Especial para a fixación de aliñación na finca núm. 527 Z.C.P. de San Miguel de Barcala, asinado pola arquitecta, Dna. Beatriz Abel Pazos (visado en data 10/08/2016) e o anudado Documento Técnico que incorpora as aliñacións no núcleo 07/05 Paraño, asinado por igual arquitecta, en data outubro de 2018 (sen visar); promovido por Dna. Eva María Fariña Dios .

Este acordo determina de seu a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento, no caso de que as novas determinacións deste supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente. Esta eventual suspensión terá unha duración máxima de 2 anos, contados dende a devandita aprobación inicial, e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva do planeamento. Durante a mesma poderán autorizarse usos e obras provisionais nos termos do art. 89 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro.

O nomeado Plan Especial así como o expediente administrativo do que trae causa sométense a trámite de información pública durante o prazo de 2 meses, computado a partir da data de publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, e sen prexuízo da súa publicación nun dos xornais de maior difusión na provincia, así como da súa inserción no Taboleiro municipal de editos e enuncios e na páxina *web* municipal.

Lugar e horario de exhibición: dependencias do Departamento de Urbanismo, Casa Consistorial (3º andar). De luns a venres (agás festivos), entre as 09:00 e as 14:00 horas.

A Estrada, 23 de outubro de 2020.

O ALCALDE,

Asdo./ José C. López Campos.

* (Sinatura dixital ao marxe)

